

## Tema 1: A xeografía e os procedementos xeográficos

### *Esquema conceptual do tema:*

- 1.1 Concepto de xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina.
- 1.2 Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe.
- 1.3 Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas

### 1.1 Concepto de xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina.

- Definición etimolóxica: Descrición da Terra
- **Ciencia de síntese.** Interésase pola organización territorial
- Obxecto de estudo: Análise das variables que interveñen no espazo; **as interrelacións ser humano- medio natural. A contorna. A paisaxe.**
  
- **Evolución epistemolóxica:**
  1. Orixes: Humboldt e Ritter: Ilustración. Positivismo. Visión global. Interdependencia. Ritter: análise determinista= influencia do medio sobre os pobos.
  2. Ratzel: influído por Darwin. Xeografía= Ecoloxía Humana. Idea do espazo vital
  3. Historicismo: finais XIX. Separación do método . O observador non pode ser neutral. Estudos baseados na rexión. Rexeitan o determinismo. Posibilismo
  4. Mediados dos cincuenta: neopositivismo. Xeografía cuantitativa. Método hipotético dedutivo.
  5. Nos sesenta, triunfa a xeografía da percepción. Regreso ao subxectivismo.
  6. Nos setenta, o esquerdismo= xeografía radical. Débense resolver os problemas.
- O espazo xeográfico é localizable, representable, diferenciado e en constante evolución
  
- **O concepto e o obxecto da xeografía:**

A palabra en grego significa: **descrición da terra**. A xeografía interésase polas relacións espaciais máis que polos fenómenos en si. Para desenvolver os seus contidos toma referencias doutras ciencias polo que podemos dicir que é unha **ciencia de síntese**. O obxecto de estudo é o coñecemento de **análise das distintas variables tanto físicas como humanas que interveñen no espazo**. *Estudia a contorna* e os fenómenos de superficie nos seus diversos contextos. Estudia as interrelacións que se producen entre o ser humano e o medio natural ( alteracións, sobreexplotación,etc.).

### *Evolución epistemolóxica desta ciencia.*

Esta ciencia **nace no século XIX con Humboldt e Ritter** no contexto da revolución científica e da ramificación das ciencias naturais dende os tempos da Ilustración e do nacemento **do positivismo**. O obxectivo esencial de **Humboldt é o de lograr unha visión global da Terra**, unha visión interdependente dos fenómenos nunha concepción totalizadora e harmónica dos fenómenos. **Visión organicista**. O seu **método era empírico, indutivo e practicaba a comparación**. O obxectivo de calquera ciencia é a formulación de leis universais. Vai do particular ao xeral. Hai un optimismo en poder coñecer o medio natural e modificalo a conveniencia do ser humano sen sopesar as consecuencias destas actuacións. **A súa obra principal Kosmos ( 1845) é unha descrición física do mundo.**

**Ritter cae nunha análise determinista. O medio inflúe sobre os pobos**, conceptualización que evoca unha influencia do Romanticismo. A Xeografía debía contribuír mellor ó coñecemento da Historia. O positivismo como corrente filosófica entende que **o observador ten que ser obxectivo rexeitando os xuízos de valor**. O seu método era o indutivo. Pon en relación o medio co ser humano cae no determinismo ambiental.

Os estudos de Darwin influíron na xeografía a través dos traballos de **Ratzel** quen por primeira vez **aporta unha visión orgánica** da Terra identificando a **xeografía coa ecoloxía**, preocupándose da relación dos diferentes organismos vivos entre eles e respecto dun ambiente determinado. Sen embargo, os seus puntos de vista derivan a un claro **“determinismo ambiental”**. Os seus puntos de vista expresan a idea de ecúmene e do “espazo vital” que logo servirían para xustificar unha expansión imperialista. Evolucionismo.

Outro autor que asume os principios do positivismo e do evolucionismo é o francés **Elisee Reclus**. Este engade unha visión de harmonía entre as relacións ser humano natureza. Propugna a **necesidade de que o ser humano obedeza as leis naturais**. Segundo el esta relación desequilíbrase a raíz da violación da xustiza social entre os seres humanos que fai necesaria unha nova organización social. Xeógrafo anarquista, é considerado o fundador da xeografía social.

**A finais do século XIX** hai unha reacción contra o positivismo e o naturalismo baseada no **historicismo** que conlevará unha diferenciación na utilización dos métodos científicos entre as ciencias naturais e as sociais. A reacción consiste en que o observador non pode ser neutral, nin o método científico indutivo vale para explicar os feitos sociais. Se pasa de buscar regularidades e converter a ciencia en algo predictivo a **intentar comprender a singularidade**. O obxectivo de formular leis xerais para os fenómenos sociais falla polo carácter continxente (as cousas poden acontecer ou non) destes feitos. A esencia da realidade do ser humano é a historicidade. Todas as súas accións están inscritas na historia.

No seu lugar **plantea a comprensión dos feitos a través da intuición, sensibilidade e coñecemento empático**. Esta reacción deu lugar, a través dos traballos do alemán

**Hettner** e do francés **Vidal de la Blanche**, da aparición dos estudos xeográficos baseados na rexión. Hai unha reacción contra o determinismo da época anterior. O ser humano é un axente activo no modelado da superficie terrestre. O medio ofrece unha serie de posibilidades nas que o ser humano ira desenvolvendo unha cultura propia. **Posibilismo**. Os traballos deste xeógrafo influíron durante a primeira metade do s.XX dando pé a creación da chamada **xeografía clásica**. **A rexión convértese no obxecto de estudio** por excelencia por ser o lugar onde converxen fenómenos físicos e humanos. A paisaxe non será outra cousa que a concreción fenoménica das características internas da rexión. Hai unha valoración da descrición sobre a explicación.

A partir de aquí comezan a xeralizarse os **estudos sobre a paisaxe**. A paisaxe significaba superar o perigo de que a xeografía se acabara dividindo entre a xeografía física e a xeografía humana e ademais dota a esta ciencia dun obxecto de estudo

A partires de mediados dos **anos cincuenta** aparecen novas **correntes neopositivistas** no sentido de reclamar a supremacía do método das ciencias naturais (hipotético - dedutivo) como o único que é realmente válido para chegar á formulación de leis xerais e facer predicións. O estudo do particular non aporta nada na construción de leis xerais, nin parte de modelos teóricos que deban ser comprobados. O contexto que permite explicar esta volta é a necesidade dunha planificación territorial despois da 2ª Guerra Mundial demostrando a pouca utilidade da xeografía rexional de Vidal de la Blanche. Xurde a **xeografía cuantitativa**. Aparece en USA, pola emigración de pensadores pertencentes ao Círculo de Viena fuxidos do nazismo e coa expansión dos **métodos cuantitativos necesarios para formular leis xerais e dotar ao estudo de conclusións predictivas**. Non caen no determinismo do positivismo decimonónico e adoptan unha **linguaxe probabilística**

A comezos dos **anos 60** , fai a súa aparición a **xeografía da percepción** influída polo **conductivismo**. O ser humano actúa en función das percepcións que ten do medio natural no que se desenvolve. Inclúe aspectos subxectivos que eran excluídos polo neopositivismo.

Ligado o esquerdismo intelectual que se vive nos anos setenta como resposta o desarrollismo do capitalismo dos sesenta xurde unha corrente crítica , a **xeografía radical** que critica o suposto neutralismo da xeografía cuantitativa e a súa incapacidade para resolver os problemas. Hai un compromiso co cambio social. **A organización do territorio é produto dos procesos sociais e do modo de produción capitalista**. Os eu obxecto de estudio é a produción social do espazo.

A **xeografía radical** pretende un maior grao de compromiso coa realidade **poñendo de manifesto as desigualdades**.

## **1.2 Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe.**

Como consecuencia de toda esta evolución nace a noción de **espazo xeográfico** (rexión, paisaxe, produto social...). As súas **características** son: espazos **localizables, representables, diferenciado** que ofrece unha separación doutros a través de espazos

de transición, que se forma a partir das relacións entre o medio físico e as sociedades humanas dando lugar ás paisaxes xeográficas, **en constante troco e evolución** e que poden explicarse a distintos niveis de concreción espacial.

As **paisaxes poden ser naturais** cando non hai unha intervención do ser humano e son o resultado da confluencia dos elementos do medio físico: clima, solo, vexetación, rochedo...

Cando intervéñ o ser humano esas **paisaxes son un produto social** que poden evolucionar de acordo cun desenvolvemento sustentable que non esgota os recursos e que respecta os ciclos de reposición natural fronte a un desenvolvemento que leva a unha sobreexplotación dos recursos.

### 1.3 Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas

*As fontes de información xeográfica:*

- Fontes directas: Observacións, enquisas ou entrevistas. Recollida de datos , análise e presentación gráfica dos mesmos.
- Fontes indirectas : cartográficas, estatísticas e a súa plasmación gráfica, fontes textuais( informes de institucións) fontes visuais ( fotografías, diapositivas, etc.).

A cartografía:

Todo fenómeno xeográfico debe ser localizable no espazo a través da utilización dos mapas. **Un mapa é unha abstracción da realidade esférica da Terra sobre un plano** que se rexe por numerosas regras.

Para **localizar calquera punto** na superficie terrestre necesitamos da axuda das **coordenadas xeográficas: lonxitude e latitude**. A lonxitude é a distancia angular entre calquera punto da superficie terrestre e o meridiano de Greenwich. Pode ser leste ou oeste e vai dende os 0º ata os 180º A latitude é a distancia angular existente entre o Ecuador e calquera punto terrestre. Pode ser Norte ou Sur e vai dende o 0º ata os 90º Para realizar as medicións servímonos dunha rede de meridiano e paralelos. Os meridianos pasan todos polos Polos e dividen a Terra en censo lonxitudinal. Os paralelos son círculos concéntricos que diminúen de tamaño dende o Ecuador aos Polos.

Necesitamos dun **sistema de proxección** que traslade a rede de paralelos e meridianos a un plano. **Todos os sistemas deforman a realidade:**

a- **A proxección cilíndrica** é de tipo conforme porque conserva o valor dos ángulos pero non respecta a proporcionalidade da representación.

b- **A proxección cónica**

c- **A proxección estereográfica** é a que mellor representa a superficie polar.

Para representar os datos necesitamos da utilización da **escala** que é a proporcionalidade existente entre os datos tomados da realidade e os que se van a representar sobre un plano. Expresamos a escala a través dunha fracción. O numerador expresa a distancia no mapa mentres que o denominador representa a realidade. Canto

máis grande sexa a cantidade do denominador máis pequena será a escala do representado e menos detalles ofrecerá.

Calquera mapa para transmitir información vóllese dun **simbolismo cartográfico**. Así os mapas de isolíñas usan liñas curvas para unir puntos de igual valor dun fenómeno (isóbaras, curvas de nivel). Os ríos van de azul, as estradas en vermello ,etc. Este tipo de representación é a que aparece nos mapas básicos como son os **topográficos**.

**Os mapas temáticos representan fenómenos concretos ou abstractos** (demografía, turísticos, etc) valéndose de numerosos medios: diagramas localizados no espazo; **anamórficos** que cambian o tamaño real dos países para destacar a importancia do fenómeno a estudar; **de coropletas** utilizando intensidades e gamas; mapas de frechas para indicar desprazamentos espaciais ou mapas de figuras.